Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





A CASA DE NOGUEROL ABEIRA UNHA CONSTRUCIÓN MEDIEVAL RELACIONADA COAS ORDES MILITARES ACTIVAS ARREDOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO. ATE AGORA PASOU DESAPERCIBIDA PARA OS INVESTIGADORES PORQUE SE ATOPA EN PROPIEDADE PRIVADA

RASTROS ROMÁNICOS DUNHA ORDE MILITAR EN MARZÁN

/MARÍA JOSÉ GÓMEZ ALVITE

A ABUNDANCIA DE EDIFICACIÓNS RELIXIOSAS EN MARZÁN

Calquera que coñeza superficialmente a parroquia de Marzán quedaría satisfeito cunha relación de capelas e igrexas que incorporase a parroquial de Santa María e o templo de Montecalvo. A maiores, poderíase aludir á existencia en tempos pasados dunha capela no lugar de Irixe; outra –a de San Simón– servindo como marco territorial entre Ligonde, Cubelo e Carteire (aínda que pertencente a esta última parroquia) e, ata mediados do século XIX, había que ter en conta a de San Fiz do Hermo, a pesar de que na actualidade pertence á actual parroquia de Entrambasaugas (concello de Guntín de Pallares). Así e todo, existe e consérvase, aínda que en moi mal estado, outro edificio no que tamén se renderon cultos relixiosos, malia a atoparse en mans privadas.

Esa é a razón pola que pasou inadvertido para os distintos investigadores. Estámonos refirindo á edificación coñecida como Casa de Noguerol na aldea de Marzán, tamén coñecida como de Fortes, neste intre propiedade dos habitantes da Casa de Penedos.

No exterior apenas presenta trazos que revelen que se trata dunha construción singular agás por tres vans dispostos en forma piramidal que se abren moi próximos ao teito. Estas ventás non son as típicas da Ulloa. En edificacións pertencentes a ordes militares da Península e tamén doutros lugares de Europa consérvanse lucernarios similares. Así, repítense, por exemplo, en Vallfogona (Conca de Barberá) provincia de Tarragona, nun muíño chamado «Molino de Albió» dunha subencomenda templaria cuxo lateral presenta próximos á cuberta tres ocos que se erguen a distintas alturas. O central sitúase máis alto e os dous dos extremos nun nivel inferior.

Na mencionada edificación da chamada Casa de Noguerol distínguense dúas partes: unha primeira con marcas inequívocamente románicas[1] (portas de entrada, buratas, etc.). A segunda parte é máis recente, presenta características neoclásicas (vans con *parladoiro*, fiestras de gran tamaño, arcos no andar superior). A serie de trazos presentes na parte máis antiga da construción permítennos aseverar que nela se celebraron cultos relixiosos.

Entre os elementos de contido sagrado destacamos:

- As tres buratas na parte que consideramos que sería o altar: o maior ocupando o espazo central e un dos de menores dimensións a cada lado. Estas buracas terían servido para gardar a custodia e os cálices. Achamos ocos de similares peculiaridades noutras igrexas románicas da zona como é o caso do existente no propio templo parroquial de Marzán, do de Tarrío de Buxergos ou do de Novelúa. Un pouco distanciadas áchanse dúas lacenas forradas en lousa. A disposición destas últimas (tamaño, fondo, altura) non difire das típicas *buratas*[2] de calquera casa labrega tradicional.
- Os vans moi próximos ao teito, de forma que a súa disposición permite o paso da luz pero con maior

predominio da penumbra no interior do recinto. O poderío da escuridade sobre a luz[3] aporta un halo de misterio ás edificacións relixiosas e invita á oración e ó recollemento. Este trazo é típico das distintas construcións románicas relixiosas.

- A porta principal, que denominaremos porta A, cuxo dintel presenta unha cruz que[4], segundo a súa disposición, ben podería pertencer a unha orde relixiosa militar como a dos templarios ou os sanxoanistas. Presenta *mochetas* con decoración de motivos florais.
- A porta secundaria, á que chamaremos B, é de características similares á anterior. O lintel descansa sobre pedras molduradas, pero neste caso a decoración é xeométrica, formada por una rosácea. Esta porta é similar á da capela románica do Castelo de Pambre e á porta lateral da igrexa de Santiago de Entrambasaugas (Guntín de Pallares).
- A terceira porta, que designaremos como C, é diferente das dúas anteriores, presenta unha incisión en forma de cruz latina. Parece que este lintel era o dun van de entrada a unha construcción anexa á principal. É posible que esta cruz (pola similitude con outras como as da Casa de Carbón e de Gamallo de Ligonde ou as da Casa da Corredoira na aldea da Lucencia) sexa identificativa de que o mencionado edificio pertencía a determinada xurisdición. Polo tipo de labra e a forma dada ao lintel é posterior ás outras dúas portas.

Ademais dos advertidos elementos sagrados consérvanse vestixios coma os *limiares* das



[1] Sucintamente podemos definir o estilo románico como aquel modo construtivo característico do período medieval con trazos ben definidos como a consistencia dos muros, a escaseza de vans, a tendencia a unha menor altura monumental ca en períodos posteriores.

[2] Lacenas encadradas na parede moi recurrentes nos templos románicos.

[3] Nunha edificación pensada como vivenda era fundamental que houbese boa iluminación natural.

[4] Esta cruz garda moito parecido á gravada na Estela funeraria de Miravet.



portas, tanto primaria como secundaria, que polo feito de ácharse moi rebaixados debido a un tránsito continuado permiten advertir os moitos centenares de anos[5] que levan exercendo a súa función de soleiras. A parte antiga da edificación comparte espazo con zonas pertencentes a épocas posteriores. Así, a superficie interior, que orixinariamente foi a sé de cultos relixiosos, transformouse co paso dos anos para deixar de ser recinto sagrado e adaptarse, de forma que fose funcional, ao xurdir novas necesidades de uso.

Todo o conxunto experimentou cambios importantes para ser convertido nun edificio profano, como son:

- A división da sala orixinal en dúas partes[6]: a primeira das zonas é a reservada á cociña, tal e como nos demostra a existencia dun lar erixido en lousa do país que se eleva uns dez centímetros respecto do resto do chan. O segundo tramo sería o adicado a cortes do gando. Entre un local e o outro levantouse unha separación formada por laxas alternas. Algunha destas pedras erguidas, tal como se pode ver, foron reempregadas a partir dunha construcción anterior na que terían servido de xambas.
- Se analizamos a disposición das pedras, todo parece indicar que entre unha laxe e outra existiu un comedeiro (*manxadoira*) de madeira para o gando[7]. A situación a carón da cociña e a colocación de pedras alternas sobre as que se sitúa un muro é un costume típico na Ulloa e, ademais, dadas as dimensións do presebe, sería desproporcionado para unha casa labrega. Sabemos que ésta foi pousada durante o século XIX e primeiras décadas

[5] Outras *soleiras* de edificios relixiosos centenarios presentan desgaste similar ocasionado polo tránsito diario. Propoñemos como exemplo o limiar da porta lateral da igrexa de Santiago de Ligonde.

[6] A parede que serve de divisoria foi anexionada transversalmente ós muros orixinais. Sen embargo, nótase que foi un engadido.

[7] É común na Ulloa que as comedeiras das vacas tiveran a súa parte dianteira na propia cociña e estiveran construídos de madeira amparada por muros e laxas de pedra.

do XX, e tamén, que nela se hospedaban os distintos arrieiros. Era costume entre os que arriaban durmir na mesma estancia có seu gando cando as cociñas non limitaban directamente coa corte, pois deste modo vixiaban que os seus animais comeran a ración que lles fora contratada, e asegurábanse de que non lles era retirada esta unha vez que o amo comprobaba que o gando estaba alimentándose. A presenza de transeúntes coas súas recuas xustifica o tamaño desmesurado das comedeiras nas que tiñan que alimentarse tanto o gando da casa coma o dos hóspedes.

RAZÓN DE SER DUNHA EDIFICACIÓN RELIXIOSA

Tras ver os lucernarios, o sagrario e os símbolos relixiosos gravados nas portas dedúcese que a parte máis antiga da Casa de Noguerol foi empregada para celebrar cultos relixiosos. Polo tipo de ornamentación que aparece nas portas colíxese que estes estiveron ligados a algunha das ordes militares. As ordes combatentes con asentamento máis próximo a Marzán eran os santiaguistas de Vilar de Donas, os templarios de San Fiz do Hermo e os sanxoanistas de Portomarín. Unha das hipóteses máis plausibles, partindo da disposición do local conservado, é que puido tratarse dun cenobio con capela propia ligado a algún camiño de peregrinación, de modo que serviría para dar seguridade aos transeúntes e tamén hospedaxe.

Se analizamos e cotexamos pormenorizadamente todos os datos recabados a carón da feligresía e arredores obtenemos que:

- Na zona de Marzán existiu un núcleo cristián moi antigo. A advocación da parroquia a Santa María indica a pronta formación dunha comunidade de crentes. Autores como Delgado Gómez sostiveron que os primeros focos cristiáns en Galicia tiveron o patronazo do Salvador ou de María (2005: 79–81). Ademais, o mesmo autor en *El arte románico en la provincia de Lugo*, aludindo ao lugar inmediato de San Fiz do Hermo fai a seguinte



afirmación: «La muy probable sospecha de que aquí surgiese el primer núcleo cristiano de esta comarca» (t.II. p. 113).

- Un documento do século XIII fai referencia á existencia dunha igrexa do Temple no soar coñecido como Marzán. O 13 de setembro de 1244 o bispo de Lugo, don Miguel, e o Mestre del Temple don Martiño Martínez firman unha concordia que trata sobre os intereses episcopais da igrexa templaria de Marzán. Este documento tamén se refire ás de Basadre, Canabal, Carteire, Deza, Espasantes, Noceda, Nogueira, Taboada, San Estevo de Barbadelo, San Fiz do Ermo, San Sadurniño de Bacorelle, Santa Cruz de Asma, San Xoán de Apregación, San Vicenzo de Sisto, San Xurxo de Canedo y Vilaoscura. É, logo, polo tanto, esta a primitiva igrexa parroquial de Marzán?
- Existe pouca distancia dende esta edificación, uns 300 metros, ata o cemiterio parroquial, onde se conservan sepulturas de maior antigüidade co propio templo da parroquia. Referímonos, en concreto, ás que posúen gravadas as insignias templarias.
- Paralelamente, achamos a existencia dun inquedante topónimo como San Pedro de Insua[8] (aparece nos documentos como Sanprodinso ou Sanperdinsua) nos lindes entre a parroquia de Marzán e os de Ligonde). As opcións que o explicarían son: que se tratara dunha parroquia previa a de Santa María –da que só queda o topónimo e parte do lugar de culto– ou que fora un cenobio templario que, coa desaparición da orde, recae noutras mans, seguramente privadas.

A posibilidade de que fora unha casa pertencente a algunha orde explicaríase polo costume das congregacións militares de exerceren o acollemento e a asistencia arredor das vías de peregrinación (conf. Fuguet & Plaza, 2005:36). Diferentes autores teñen estudiado tal práctica de dar acubillo aos peregrinos[9] en casas dispostas nas inmediacións dos camiños. Fernández del Riego en *As Peregrinacións Xacobeas* mantén que ao longo de toda a xeografía galega desde o século XI constrúense «hospitais, albergues e mosteiros con hospederías para os romeiros» tanto nos arredores do Camiño Francés como «noutros secundarios que ían parar a el» (1984:114).

A favor desta hipótese hai que considerar a situación da edificación nunha importante vía empregada polos viaxeiros, concretamente trátase do Camiño por Lousadela que deixa a vila de Guntín despois de atravesar a Ponte Cabalar, diríxese ás proximidades de Lousadela, onde confl úe con outro procedente de Portomarín, pasa polo Monte de San Paio da parroquia de Ferreira e atravesa a aldea de Marzán para confluír co chamado Camiño Vello de Lugo, que sae da cidade luguesa polo barrio da Ponte, cruza o Río Miño e ascende polas Arieiras en dirección a Esperante. Desde alí diríxese á Goia (parroquia de Pradedo en Guntín de Pallares) dende onde segue polo chamado Camiño Vello en dirección a Entrambasaugas, onde tiña dúas opcións: ben seguía a carón do leito do río pola beira esquerda ata o Monte de San Fiz, ben continuaba en dirección ó Outeiro evitando o curso de auga. Dende alí diríxese o sitio chamado O Morouzón en dirección a San Fiz do Hermo[10] para cruzar o Río de San Fiz pola Ponte de San Fiz ao pé de onde se ergueu a fortaleza templaria. Desde alí segue aos Catro Carballos, xa en territorios do concello de Monterroso.

San Fiz sitúase nun lugar de confluencia das dúas vertentes da bacía fluvial, polo tanto é un punto bastante apartado e arrodeado de peñascos tal e coma o seu nome «do Ermo» indica. Estes trazos abruptos explican a importancia de que aquí se situara unha casa relixiosa que contribuiu a facer o camiño máis seguro. Neste punto eran dúas as alternativas. A primeira consistía en dirixirse á Pena Parda pasando a

[8] Aparece en varios apeos, por exemplo no do século XVII do arquivo personal dos propietarios da Casa de Riba de Comeás ou nun do XIX do arquivo tamén personal da Casa da Alicia de Comeás.

[9] Máxime tendo en conta que se sitúa nas inmediacións do camiño de peregrinación que procedente de Lugo se dirixía a Santiago pasando por Entrambasaugas, San Fiz do Hermo, Marzán, etc.

[10] J. Gómez Vila en «El tramo inicial de la vía romana Lvcvs Avgusti-Aqvis Qverqvennis» en http: //www.xente.mundo-r.com/la%20selva/files/larocuco.pdf. defiende que la vía Lugo- Aquis Qverqvennis pasa por Entrambasaugas y San Fiz do Hermo.

carón do Monte San Simón e subir polo Marco en dirección a Monterroso ata chegar ás Cruces onde confluía co Camiño Francés e co dos Maragatos que dende a costa coruñesa se dirixía cara o interior da Península Ibérica. A segunda levaba cara á aldea de Marzán e continuaba en dirección a Ligonde por distintos tramos que evitaban pendentes fortes por un traxecto que discurría a media ladeira. Bordea O Río Marzán, continua polo Monte da Serra e Pedralba en dirección a Ligonde. Pasa por A Zapateira, O Rubical, A Eirexe[11] onde empata co Camiño Francés e tamén co Camiño da Eirexe que desemboca no Camiño dos Queixeiros que conduce ata a vila de Monterroso.

Durante a Idade Media algúns lugares de paso gozaron de grande inseguridade (o *Códice Calixtino* menciona o tramo entre Portomarín e Palas de Rei –o cal foi protexido pola orde militar santiaguista asentada en Vilar de Donas, polos templarios de San Fiz e benedictinos de Ferreira que tiñan intereses encontrados polos territorios situados entre Ventas de Narón e Ligonde). Un documento do ano 956 permite constatar o sitio de San Fiz como paso para peregrinos xa no século X: Osorio Vestráriz e a súa muller Teoduli Pépiz doan as súas pertenenzas a Santa María de Carteire e a San Fiz do Hermo «para alumbrar los altares, para remedio de los santos, de los pobres y de los peregrinos[12]».

Se a edificación da Casa de Noguerol foi a igrexa parroquial ou un cenobio cun oratorio, por que caeu en desuso e se construiu unha nova igrexa nun lugar máis afastado? Igual que aconteceu con outras propiedades do Temple, tívolle que afectar a desaparición da orde[13] a transferencia dos bens a outras ordes, a venda e o traspaso de bens a casas nobiliares. Este feito motivaría a construcción dunha nova edificación para o culto relixioso. O nome da Casa de Noguerol está quizais indicando o apelativo da familia que adquiriría a edificación unha vez que desapareceron os templarios. Foron os Noguerol de Amarante, que tamén tiveron sede en Cumbraos? Un dos testemuños máis evidentes da vinculación deste apelido con este extremo da Ulloa é o sepulcro de Rui Fernández Noguerol na veciña igrexa de San Salvador de Vilar de Donas[14]. Queda por facer un

estudo das familias propietarias da edificación por ver a antigüidade do topónimo.

O lugar elexido para o novo templo é unha zona na que existían cultos e crenzas previas que aínda perduran na actualidade, pois está na área coñecida como O Agro da Eirexe e O Couto da Forca e desta zona contase a lenda de que aquí era onde os habitantes de San Fiz do Hermo aforcaban os inimigos ou a aqueles insubordinados que non se sometían ao debido dominio. Sabemos que é unha constante ao longo da xeografía galega o feito de construír edificacións e símbolos cristiáns sobre lugares onde existían cultos previos para erradicar toda reminiscencia de paganismo.

Iniciamos unha vía de traballo para futuras investigacións que determinen máis datos sobre a Casa de Noguerol. Consérvanse nas inmediacións outros indicios de remarcado interese coma a pedra que se acha na casa inmediata a esta (Casa de Penedos) que ben puidera tratarse dun miliario que se reaproveitou como pía de auga bendita como o que hai na igrexa de Santa Eulalia de Esperante, do que xa falou Gómez Vila. Como edificio relixioso é lóxico que posuíra tal recipiente e deste xeito, unha vez ca construción perde o uso orixinal, as súas pedras empregáronse para outras funcións.

Os templarios de San Fiz do Hermo tiñan intereses e casas en Marzán como se deduce dos pleitos sostidos cos beneditinos de Ferreira. Entre os anos 1290 e 1311 ambas as dúas ordes manteñen outra disputa pola posesión do lugar de Couso e do hospital de Pena Godón que fai de linde da xurisdición de beneditinos e templarios: «Tunc dompnus Ramirus dixit quedsciebat quen dom Petrus Johannis volebat ponere Hospitalem sub camino» (A.H.N. Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1097/10). A sona dalgúns casos chegou ata os nosos días: *villae Causum* (actual aldea do Couso, parroquia de Ligonde) foi dirimida por beneditinos e templarios. Ditas congregacións tiveron que someterse ás directrices que ditaminaron o abade e o prior de Paleis (Zamora) ademais do deán do mesmo lugar (Mansilla, 1965:330). Tamén os mosteiros de San Fiz e de Carteire se enfrentaron cos irmáns Vermudo e Eldonza Pérez pola propiedade dun lugar chamado Rosende. A sentenza é do ano 922 e foi dirimida a favor das

[11] Desde A Serra tamén pode dirigirse a Ligonde por Barreiro, O Arrodeo e A Ponticela. Despois atravesa polos Prados de Ligonde en dirección ao Casucho onde coincide co Camiño dos Queixeiros.

[12] Retomado de Vázquez Saco quen fai referencia ao instrumento 63 do tomo VI do pergameu do Pazo Episcopal de Lugo, legaxo 733 (A.H.N.).

[13] No concilio de Vienne decídese a abolición da orde do Temple (Ruíz de Morales, 1998:125).

[14] Sobre esta extensión véxase o artigo de J. Gómez Vila *Los Noguerol en Vilar de Donas.*

casas relixiosas[15]. O lugar de Rosende tamén se atopa na parroquia de Marzán, topónimo que na actualidade derivou en Gosende.

A Idade Media foi etapa esplendorosa para o florecemento da Igrexa na comarca[16], feito do que deixan constancia os templos e os restos prerrománicos e románicos conservados. Os beneditinos de Ferreira[17] e do Loio, os templarios de San Fiz[18] do Hermo, os cistercienses de Sobrado, a orden de Malta en Portomarín e os santiaguistas de Vilar de Donas son os que exercen o dominio directo sobre este territorio. A presenza de tantas casas relixiosas sobre puntos limítrofes non sempre tivo resultados positivos senón que ao longo da historia ten habido conflictos varios entre as mesmas.

Os hospitais de Pena Godón e de Nespereira (da Cruz), que varios investigadores teñen identificado como un mesmo lugar, eran, porén e á luz dos documentos medievais, distintos, e estaban separados por uns dous quilómetros de distancia. Os datos que nos permiten facer tal aclaración son: a alusión diferencial a ambos no tumbo do mosterio de Ferreira, a presenza do lugar de Pena Godón fora das lindes medievais do lugar de Nespereira, o estudo xa realizado por Regueira Vázquez, J., en «Ventas de Narón, Sala de la Reina y Hospital de Pena Godón», publicado na revista *Lucensia XVIII*, que confirma tal extensión; e por último, os restos arquitectónicos dunha construción relixiosa nas inmediacións de Pena Godón.

Estiveron tamén presentes outras casas relixiosas como Samos, desde o momento que Ferreira comezou a depender desta abadía, que tiña señorío sobre fincas de Marzán ou sobre a mesma capela de Irixe, tamén eran os

[15] Retomado de Vázquez Saco quen se basea no legaxo 734 do A.H.N.

[16] Delgado Gómez, J. ao ocuparse do estudo da iglexa de Santiago de Entrambasaugas en *El románico en la provincia de Lugo* mantén que probablemente aquí se situase un dos primeiros núcleos cristiáns da Península.

[17] O mosteiro foi fundado por Ero Fernández e a súa muller Elvira no ano 909. Funcionou como mosteiro familiar ata o último tercio do século XI cando o conde Rodrigo Muñiz e a súa irmá Elvira o cederon ós beneditinos. No século XII o rei Afonso VII dóalles o coto de Ferreira de Pallares con xurisdicción civil e criminal. No ano 1518 coa reforma dos Reiss Católicos pasa a depender de Samos como priorato.

[18] O nome completo do santo, que coincide co topónimo, é Pedro Mártir Feliz, *Diccionario enciclopédico Santoral,* tomo III, p. 208. Na actualidade éste é un sitio deshabitado e abandonado. Ata a década dos 80 había no lugar un caserío rural no que se daba hospedaxe, principalmente a aquelas persoas que ían tomar as aguas á chamada Fonte de San Fiz. No lugar tamén había aceña, á que acudían coa moenda algúns habitantes de Guntín, Entrambasaugas, Carteire e Marzán. Alí celebrabase unha festa o día 3 de febreiro en homenaxe ao San Brais, con misa, procesión e romería; á que acudían os doentes aqueixados de problemas de garganta.

[19] Diversos autores mantiveron que xa desde época romana se explotou o ferro da zona (Yebra de Ares, 1987:16).

[20] O mosteiro de Samos contaba coa exención de pago do portazgo polo transporte de ferro ó seu paso por Pedrafita do Cebreiro (Gómez Vila, 2006:70).

beneficiarios do ferro que se extraía na parroquia de Marzán e os alrededores[19]. Aínda no século XX os veciños desta aldea e o mosteiro de Samos mantiveron un enfrontamento pola titularidade dalgunhas fincas sitas en Irixe[20].

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017